

Claustro Corda Comensal, pulso e equilibrio

César Lorenzo Gil.

<https://biosbardia.org/claustro-corda-comensal-pulso-e-equilibrio/>

Claustro Corda Comensal é un libro de poemas dos que, desafortunadamente, non abundan. Ten moitas calidades e case que ningún defecto, e amosan unha vía quizais pouco transitada pola literatura galega actual: Apuntamentos ao natural que non renuncian á claridade expositiva, incluso a certa narrativa, pero que saben conter, verso tras verso, unha potencia lírica compacta, profunda e capaz de amosar perfís novos e orixinais.

Samuel Merino (Mos, 1982) consegue neste volume converter nunha experiencia literaria un ingreso no hospital psiquiátrico de Conxo, en Santiago de Compostela. A partir da dor e o espanto, o escritor consegue o que parecería o máis difícil partindo dunha materia prima así: Pulso e equilibrio.

Aínda que nalgúns casos, sería posible puír un pouco máis os versos, estes flocos sobrantes son escasos no libro. En xeral, Merino afina a mensaxe, refina a metáfora, atopa o punto xusto de carga de cada imaxe que emprega para alumar o que observa.

Sobre todas as virtudes, *Claustro Corda Comensal* destaca polo seu óptimo ritmo. Proben a ler o libro en voz alta. Hai música, hai eco, hai eufonía.

E todo sen recorrer aos trucos do pseudosurrealismo ou a automatismos supostamente crípticos. Este libro fínase no “aquí e agora” de cando foi escrito, para expresar, primeiro sente. Utiliza as palabras para traducir esa relación. Vaia, o que fai decontino a literatura, aínda que ás veces non o pareza.

É un acerto que o autor opere unicamente con ingredientes que percibe, que só bote man dos elementos que ten presentes. Hai unha evocación, pero é cotiá, de proximidade, coma se se impuxese construír a súa mitoloxía desde un constante reinicio da memoria.

A presenza dos versos de Leopoldo María Panero como citas provocan un diálogo moi interesante. É sabido que o poeta de Astorga viviu moitos anos da súa vida interno en psiquiátricos e o seu acompañamento durante toda a lectura serve para encadrar este libro nun abeiro coñecido, coma se o lector puidese utilizar este *Claustro Corda Comensal* como chave para outras miradas sobre o enclaustramento.